

Borrador Mesa Sectorial 13/05/2022

PROCEDIMENTO PARA A COBERTURA TEMPORAL DE POSTOS DE ESPECIALIDADES MÉDICAS DEFICITARIAS

I.- Antecedentes

A situación actual, na que se está a evidenciar un déficit de profesionais en determinadas categorías e ámbitos territoriais, en particular na categoría de facultativo/a de área das especialidades de cirurxía ortopédica e traumatoloxía, medicina interna e radiodiagnóstico nos distritos sanitarios de A Mariña, Cee, Monforte de Lemos, O Barco de Valdeorras e Verín, obriga á adopción dun procedemento uniforme que ordene a cobertura temporal dos postos de tales especialidades, co obxecto de asegurar unha resposta coordinada ás necesidades asistenciais no conxunto do Servizo Galego de Saúde e, en consecuencia, unha adecuada atención sanitaria da poboación dos distritos de saúde especialmente afectados.

Para tal efecto, a formalización de nomeamentos temporais nas especialidades indicadas deberá efectuarse conforme o seguinte procedemento e condicións:

II.- Tipo de nomeamento

Con carácter xeral, os nomeamentos que se formalicen nas categorías de facultativo/a de área das especialidades de cirurxía ortopédica e traumatoloxía, medicina interna e radiodiagnóstico terán a condición de nomeamentos de longa duración.

III.- Selección das persoas aspirantes e ámbito do nomeamento

a.- Aspirantes admitidos na lista vixente da especialidade

1.- A adxudicación do nomeamento efectuarase a favor da persoa aspirante con mellor dereito, segundo a preferencia na selección de distritos manifestada no formulario de

inscripción e a orde de puntuación acadada na lista de selección temporal vixente, consonte o procedemento disposto na Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 11 de decembro de 2018, pola que se publica o Pacto sobre a selección de persoal estatutario temporal licenciado sanitario de atención hospitalaria (*DOG* núm 240, do 18 de decembro de 2018).

2.- En aplicación do artigo 115 da *Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia*, os nomeamentos que se expidan terán ámbito de área sanitaria e o/a profesional considerarase adscrito/a á area de saúde onde radique o seu destino.

3.- Non obstante, e sen prexuízo de ter asignado un centro principal para a prestación de servizos, que se detallará no propio nomeamento, este levará asociado a obriga de atender as necesidades asistenciais urxentes e de inaprazable cobertura que xordan en calquera outro centro da mesma ou distinta área sanitaria, nos distritos que se indican no apartado I), por un período de tempo non superior a catro meses, que se efectuará, de forma motivada, mediante unha orde de servizo específica vinculada á cobertura de tales necesidades asistenciais, respectando en todo caso as condicións económicas e laborais do/da profesional, de conformidade coa habilitación conferida polo artigo 124 da citada lei.

4.- O rexeitamento polo/a aspirante á oferta de vinculación nos termos descritos determinará a aplicación do réxime de penalizacións previsto no vixente Pacto de selección de persoal estatutario temporal licenciado sanitario de atención hospitalaria.

b.- Aspirantes non admitidos na lista vixente da especialidade

As persoas aspirantes das especialidades de cirurxía ortopédica e traumatoloxía, medicina interna e radiodiagnóstico que, tendo formalizado a súa inscripción nas listas de selección temporal con posterioridade á publicación da lista vixente, así como os/as novos/as titulados/as que tiveran superado a formación conducente á obtención do título destas especialidades con posterioridade a tal publicación, para ter acceso a

nomeamentos temporais de longa duración da especialidade nos hospitais de A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Santiago, Ferrol, Barbanza e O Salnés deberán ter acreditado a súa dispoñibilidade para a prestación de servizos en calquera dos hospitais dos distritos sanitarios que se indican no apartado I), durante un período de catro meses.

IV.- Valoración de servizos prestados

Os servizos que desenvolvan os/as profesionais destas especialidades nos hospitais dos distritos sanitarios de A Mariña, Cee, Monforte de Lemos, O Barco de Valdeorras e Verín, computarán nos procesos de selección e provisión nos que participen, o triple da puntuación por mes traballado que se indique no respectivo baremo.

V.- Flexibilización de xornadas

Co obxecto de facilitar o desprazamento dos/das profesionais aos centros de difícil cobertura e cando as necesidades organizativas así o permitan, poderán adoptarse medidas de flexibilización da xornada, tales como adaptacións nos horarios de inicio e finalización da xornada diaria de traballo ou a concentración desta en horario de mañá e tarde.